

HIT MAN

Richard Linklater, 2023

1308

ESTREA EN NUMAX: 07.06.2024 | V.O.S.E. | +16 | 115 min

Gary Johnson é o tipo máis buscado de Nova Orleans. Un misterioso asasino a soldo... que traballa infiltrado pola policía. Un día racha o protocolo para axudar a unha muller desesperada que foxe do seu marido maltratador.

«Unha obra mestra tan clásica como moderna, tan divertida como profundamente perturbadora»

Luis Martínez, EL MUNDO



Entrevista con Richard Linklater: «Amo todos os meus filmes, cada un dun modo distinto»

Por Toni García

No mundo do cinema e especialmente en Hollywood, as etiquetas adxudícanse rapidamente e parecen imprescindibles para traballar no sector da sétima arte. Todo debe ser susceptible de ser catalogado: actores, actrices, guionistas, directores e ata os tipos que che traen o café. Porén, hai personaxes que logran esquivar calquera intento de acabar domesticados por ese circo de mil pistas no que se converteu o universo do espectáculo audiovisual. Richard Linklater (Houston, Texas, 1960) é un deses tipos, un dos que segue facendo o que lle dá a gana despois de 35 anos de carreira na que visitou todos os xéneros existentes, en ocasións moldeounos, abrazounos e seduciounos e noutras simplemente transitou por eles. Como un viaxeiro que está sempre de paso.

(...) *Antes do amanecer* (1995) non foi ningún éxito atronador (...) Pero dalgún modo, nun panorama no que o formato doméstico aínda coleaba (o VHS seguía vivo e estaba a piques de aparecer o DVD), o filme converteuse nun enorme fenómeno (...) “Non o sei. Era outro mundo, outra época, outro negocio. Agora chega alguén e diche: “Vou poñer o teu filme na miña plataforma e teño 250 millóns de subscritores”. Antes había determinadas revistas que eran influentes e máis che valía gustarlles, todo o panorama cultural era distinto, había persoas realmente interesadas no vangardismo. Non sei se a triloxía de *Antes do amanecer* gusta ás novas xeracións de cinéfilos, espero que si. Ao final, cando te pos a falar destas cousas, corres o risco de parecer un vello queixándote de que antes todo era moito mellor. Pero agora hai un montón de cousas increíbles. Ao final, calquera artista busca o mellor medio para comunicarse e hoxe hai un millón de maneiras de facelo. Eu sigo facéndoo ao meu xeito, iso é o único que podo afirmar con total seguridade”, di o de Austin.

O certo é que tratar de facer unha análise ortodoxa da filmografía do estadounidense é un exercicio a proba de críticos. Desde o seu maior triunfo de billeteira con *Escola de rock* (2003), (...) ata filmes que poucos lembran como *Os Newton Boys* (1998), ou proxectos que rozaban a arte e ensaio, como *Waking Life* (2001) ou *Scanner Darkly* (2006). E na metade deste currículo fílmico que Linklater abraza sen complexos (“Amo todos os meus filmes, cada un dun modo distinto”), dúas entregas máis de *Antes do amanecer*, *Antes do atardecer* (2004) e *Antes da media noite* (2013). (...) Linklater estreará en 2014 a que para moitos sería a súa mellor cinta, unha loucura fílmica que tardou 12 anos en completar. *Boyhood. Momentos dunha vida* foi finalista en seis categorías dos Oscar, Patricia Arquette levaría o único (a actriz secundaria) pero o filme sería considerado un deses que transcende o ámbito da arte.

(...) E porque as promocións deben honrar o seu nome, é obrigatorio preguntar ao texano por *Hit Man*, unha comedia con enorme mala uva que conta a historia dun investigador (Glen Powell) que se fai pasar por un sicario para arrestar a aqueles que acaban solicitando os seus servizos e que rende homenaxe a unha das súas grandes paixóns, o cinema negro estadounidense dos anos corenta e cincuenta e que está rodada dun modo tremendamente clásico: “Depende de a que chames clásico. Se clásico é que non hai 300 planos por minuto e dúas explosións por plano, entón estou de acordo contigo: rodeino dunha forma moi clásica”, contesta Linklater, cunha boa dose de burla. O director reconece que o pasou “moi ben” facéndoa, pero agora que está acabada hai que pensar na seguinte... “A verdade é que a seguinte tamén está acabada e é un musical. Xa sabes, agora a por outra. A seguinte despois da seguinte”, remata entre risas.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

*Antes del amanecer /
Antes del anochecer,*
Richard Linklater.
Warner Bros [DVD]

*Boyhood (Momentos
de una vida),*
Richard Linklater.
Universal Pictures [DVD]